

C.C./Sof.

A Presidencia, en uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte

RESOLUCIÓN

Dada conta da comunicación do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) (Rex. entrada WEB2024003918 de 26/01/2024) no que solicita o nomeamento de novas voceiras como consecuencia da renuncia do deputado Carlos López Font.

Resultando que en sesión plenaria de 30 de xaneiro de 2024 tomouse coñecemento da renuncia do citado deputado.

Resultando que por Resolución Presidencial núm. RP 2023005812 de 20/07/2023 constituíuse a Xunta de Voceiros e así mesmo designáronse as/os voceiras/os correspondentes a cada Grupo provincial.

Considerando que a efectos de actuación corporativa os membros das Corporacións Locais constituiranse en grupos políticos e que a/o voceira/o de cada grupo será o representante do mesmo a todos os efectos (artigos 24 e 25 do RD 2568/86 de 28 de novembro e 54 do Regulamento Orgánico).

Visto o disposto nos arts. 34.1,a) da Lei 7/85, de 2 de abril e 61.2 do RD 2568/86, de 28 de novembro,

RESOLVO,

Modificar puntualmente a citada Resolución Presidencial núm. RP 2023005812 de 20/07/2023 en relación coas/os voceiras/os do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE), no seguinte senso:

- Polo Grupo Provincial do Partido Socialista de Galicia-PSOE:
Voceira: Ana Laura Iglesias González
Voceira suplente: Digna Rosa Rivas Gómez

En canto ó resto do texto da anterior Resolución este permanece invariable.

Da presente Resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que se celebre, e ás/ós interesadas/os, publicándose no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web, sen prexuízo da súa efectividade dende o día da súa sinatura.

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe

